



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/5-(SESIÓN ORDINARIA MES MAIO 2017)

1

PLENO

ACTA NÚM. 06/2017

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2017/5	O PLENO

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria (correspondente ao mes de MAIO/ano 2017)
Data e hora da convocatoria e duración da sesión	1ª convocatoria: 2 de maio de 2017 ás 20:00 2ª convocatoria: 2 de maio de 2017 ás 20:30 Inicio da sesión: 2 de maio de 2017 ás 20:00 Remate da sesión: 2 de maio de 2017 ás 21:35
Lugar	SALÓN PLENOS CASA CONSISTORIAL.CONCELLO BUEU Non admite participación a distancia.
Presidida por	Félix Juncal Novas (alcalde)
Secretaria	Nuria Lobato Del Río
Interventor	Marcos Vázquez Campaña

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
52496661N	Ana Isabel Otero Pastoriza	SÍ
10826354R	Fidel Castro Quiroga	NON
35313656P	Inmaculada Rodríguez Dias	SÍ
35252027L	José Inocente García Cuervo	SÍ

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029. Fax: 986322099



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/5-(SESIÓN ORDINARIA MES MAIO 2017)

2

52492233T	José Manuel Vilas Pastoriza	SÍ
33250222L	Juan Carlos Eirea Eireas	NON
52491222R	Julio Villanueva González	SÍ
35273283T	Manuel Otero Pérez	NON
52495763B	Manuel Santos Pires	SÍ (incorporase ás 20,06 hrs.)
52496098R	Martín Villanueva Pastoriza	SÍ
53110366P	Mercedes del Pilar Otero González	SÍ
52496537A	Mª José Pérez Piñeiro	NON
52493742Z	Mª Teresa López González	SÍ
53115453N	Silvia Carballo González	SÍ
53111731Q	Xosé Leal Fariña	SI

Sendo as as 20:00 horas do día 02 de maio de 2017, reúnese o Pleno da Corporación Municipal baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Félix Juncal Novas, co fin de celebrar sesión ordinaria correspondente ao mes de maio 2017, coa orde do día que resulta da Resolución da Alcaldía núm. 413/17 de data 26 de abril de 2017.

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (ACTA NÚM. 05/2017 CORRESPONDENTE COA SESIÓN ORDINARIA DO MES DE ABRIL DE 2017 CELEBRADA O 03.04.2017)

Favorable (UNANIMIDADE dos presentes)	Tipo de votación: Ordinaria, Nominal e a man alzada A favor: 11, En contra: 0, Abstencións: 0, Ausentes: 05	
	A favor	Félix Juncal Novas Ana Isabel Otero Pastoriza Inmaculada Rodríguez Dias José Inocente García Cuervo Martín Villanueva Pastoriza Mª Teresa López González Silvia Carballo González Xosé Leal Fariña José Manuel Vilas Pastoriza

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029. Fax: 986322099



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/5-(SESIÓN ORDINARIA MES MAIO 2017)

3

		Mercedes del Pilar Otero González Julio Villanueva González
	En contra	---
	Abstencións	---
	Ausentes	Fidel Castro Quiroga Manuel Otero Pérez M ^a José Pérez Piñeiro Juan Carlos Eirea Eireas Manuel Santos Pires

Pola Presidencia dáse conta do borrador da acta núm. 05/17, correspondente á sesión ordinaria, correspondente ao mes de abril, celebrada polo Pleno da corporación municipal o luns 03.04.2017.

Non producíndose intervencións ó respecto, pola Alcaldía sométese a votación ordinaria, nominal e a man alzada, a aprobación o borrador da acta núm. 05/17, correspondente á sesión ordinaria, correspondente ao mes de abril, celebrada polo Pleno da corporación municipal o luns 03.04.2017.

VOTACIÓN e ACORDO:

Logo do anterior, o Pleno da corporación municipal, por unanimidade do seus membros asistentes con dereito a voto (once dos dezaseis membros que de dereito á constitúen) ACORDA PRESTARLLE APROBACIÓN, ao borrador da acta da sesión ordinaria, correspondente ao mes de abril, núm. 05/17, celebrada o luns 03.04.2017 .

2.COMUNICACIÓN DE ALCALDÍA RELATIVA Á TOMA DE RAZÓN DA ACEPTACIÓN ANTICIPADA AO CARGO DE CONCELEIRO FORMULADA POR D. RAMON CERVIÑO VALERO, NA SÚA CONDICIÓ DE CANDIDATO QUE FIGURA AO POSTO NÚMERO 07 DA CANDIDATURA NÚM. 04 DO PARTIDO POPULAR QUE CONCORRERON NAS DERRADEIRAS ELECCIÓNS MUNICIPAIS DE 24 DE MAIO DE 2015 E PROPOSTA RELATIVA A SÚA REMISIÓ Á XUNTA ELECTORAL CENTRAL AOS EFECTOS PREVISTO NO ART. 182 DA LEI ORGÁNICA 5/85 DO RÉXIME ELECTORAL XERAL (EXPEDIENTE 1653/2016)

Favorable (UNANIMIDADE dos presentes)	Tipo de votación: Ordinaria, Nominal e a man alzada A favor: 11, En contra: 0, Abstencións: 0, Ausentes: 05	
	A favor	Félix Juncal Novas Ana Isabel Otero Pastoriza Inmaculada Rodríguez Díaz José Inocente García Cuervo Martín Villanueva Pastoriza M ^a Teresa López González

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029. Fax: 986322099



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/5-(SESIÓN ORDINARIA MES MAIO 2017)

4

		Silvia Carballo González Xosé Leal Fariña José Manuel Vilas Pastoriza Mercedes del Pilar Otero González Julio Villanueva González
	En contra	---
	Abstencións	---
	Ausentes	Fidel Castro Quiroga Manuel Otero Pérez M ^a José Pérez Piñeiro Juan Carlos Eirea Eireas Manuel Santos Pires

Polo Sr. Alcalde dáse lectura do ditame da Comisión Informativa de Facenda, Réxime Interior e Especial de Contas, en sesión ordinaria celebrada en data 21 de abril de 2017 e que literalmente di:

“COMUNICACIÓN DE ALCALDÍA

Asto.- Toma de razón da aceptación anticipada ao cargo de concelleira formulada por D. RAMON CERVIÑO VALERO , con DNI núm.53114764-J na súa condición de candidato que figura no posto número 07 dá candidatura núm. 04 do Partido Popular que concorreron nas últimas eleccións municipais do 24 de maio de 2015 (BOPPO núm. 75 de 22.04.2017).

Tendo recibido en Rexistro xeral do concello en data 10.03.2017 (RE núm. 1694) escrito de renuncia ao cargo por parte da concelleira pertencente ao grupo político municipal do PP, D^a Berta Pérez Hernández, con DNI non 78735313-B, do que tomou coñecemento polo Pleno da corporación na sesión ordinaria celebrada o pasado 03 de abril de 2017.

Tendo formulada renuncia anticipada D^a Maria Reyes Gonzalez Mendez, con DNI num.52497406K en canto ocupa o posto num. 4 na candidatura correspondente ao Partido Popular da circunscrición electoral de Bueu, publicada no BOP núm. 75 de 22.04.2015, ante a Secretaria do concello en data 24.03.2017 tal e como queda reflectido no acta de renuncia anticipada ao cargo de concelleira da corporación municipal do concello de Bueu (cod. validación AQS5D5YFCJG2X4CYR6TQAGLSC).

Consta formulada renuncia anticipada por D. Manuel Angel Rodríguez Filgueira, con DNI núm.52498057M, en canto ocupa o posto num. 5 na candidatura correspondente ao Partido Popular da circunscrición electoral de Bueu, publicada no BOP núm. 75 de 22.04.2015, ante a Secretaria do concello en data 29.03.2017 tal e como queda reflectido no acta de renuncia anticipada ao cargo de concelleiro da corporación municipal do concello de Bueu (cod. Validación76PRM2PYFFAEADERP5MF6QA47).

Así mesmo, consta formulada renuncia anticipada por Doa Nerea Otero Fernández, con DNI 53118883S, en canto ocupa o posto num. 06 na candidatura correspondente ao Partido Popular da circunscrición electoral de Bueu, publicada no BOP núm. 75 de 22.04.2015, ante a Secretaria do

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029. Fax: 986322099



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/5-(SESIÓN ORDINARIA MES MAIO 2017)

5

concello en data 03.04.2017 tal e como queda reflectido no acta de renuncia anticipada ao cargo de concelleira da corporación municipal do concello de Bueu (cod. Validación45YWNE6ZRWHXFEH7LQZQAYN6M) .

En data 04.04.2017 comparece D. RAMON CERVIÑO VALERO , con DNI núm. 53114764-J ante a Secretaria do concello para os efectos de formalizar a aceptación anticipada ao cargo de concelleiro da corporación municipal do concello de Bueu, na súa condición de candidato que figura no posto número 07 da candidatura núm. 04 do Partido Popular que concorreron nas últimas eleccións municipais do 24 de maio de 2015 (BOPPO núm. 75 de 22.04.2017), tal e como queda reflectido no acta de aceptación anticipada ao cargo de concelleiro da corporación municipal do concello de Bueu (Cod. Validación 4ZYN5ZDHST6QN5TTRARLTHNPQ De conformidade co disposto no art. 9 do Real decreto 2568/86 polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e de réxime xurídico das Entidades locais (ROFRJEL), coa Instrución de 10.07.2003 da Xunta Electoral Central sobre a substitución de cargos representativos locais e co art. 182 da Lei orgánica 5/85 do Réxime electoral xeneral,

Pola presente poño en coñecemento do Pleno da Corporación Municipal, para a súa toma de razón, dos seguintes feitos:

- As renuncias anticipadas aos cargos de concelleiro/a de a corporación municipal D^a Maria Reyes Gonzalez Mendez, con DNI núm.52497406K, en canto ocupa o posto num. 04 na candidatura correspondente ao Partido Popular da circunscrición electoral de Bueu, publicada no BOP núm. 75 de 22.04.2015, D. Manuel Angel Rodríguez Filgueira, con DNI núm.52498057M, en canto ocupa o posto num. 05 na candidatura correspondente ao Partido Popular da circunscrición electoral de Bueu, publicada no BOP núm. 75 de 22.04.2015, Doa Nerea Otero Fernández, con DNI núm. 53118883S, en canto ocupa o posto num. 06 na candidatura correspondente ao Partido Popular da circunscrición electoral de Bueu, publicada no BOP núm. 75 de 22.04.2015,

- A aceptación anticipada de D. RAMON CERVIÑO VALERO , con DNI núm.53114764J, que figura no posto 07 da candidatura núm.4 correspondente ao Partido Popular da circunscrición electoral de Bueu, publicada no BOP núm. 75 de 22.04.15.

E PROPOÑO ordenar a remisión da presente comunicación á Xunta electoral central a efectos de proceder á súa substitución coa indicación de que a persoa a sustituir a posto vacante de concelleira é D. RAMON CERVIÑO VALERO , con DNI núm.53114764-J, de acordo co disposto no art. 182 da Lei Orgánica 5/85 de Réxime electoral xeneral?

DITAMINANDO FAVORABLEMENTE por unanimidade dos seus membros presentes, (SEIS VOTOS, 3 do Grupo Municipal de BNG-ASEMBLEAS ABERTAS, 2 do Grupo Municipal de PP e 1 Voto do Grupo Municipal de PsdeG-PSOE) a proposta de Alcaldía contida nesta comunicación que ordena a remisión da presente comunicación á Xunta electoral central a efectos de proceder á súa substitución coa indicación de que a persoa a sustituir a posto vacante de concelleira é D. RAMON CERVIÑO VALERO , con DNI núm.53114764-J, de acordo co disposto no art. 182 da Lei Orgánica 5/85 de Réxime electoral xeneral"

Terminada a lectura do ditame da Comisión informativa permanente de Facenda e da comunicación da forma indicada nos parágrafos anteriores, a presidencia declara aberto o debate:

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029. Fax: 986322099



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/5-(SESIÓN ORDINARIA MES MAIO 2017)

6

DEBATE

- .- Sra. Mercedes do Pilar Otero González pregunta polo procedemento.
- .- Secretaria: Remítese ao disposto no art. 182 da Lei Orgánica 5/85 de Réxime electoral xeneral en canto procedeu a notificar aos concelleiros a efectos de que mostrasen ante a mesma a súa vontade de aceptación/ renuncia anticipada ao cargo de concelleiro para os efectos de remitir a aceptación anticipada á Xunta Electoral Central para a expedición de credencial.
- .- Alcalde: Débese votar a favor para continuar a tramitación.
- .- Xullo Villanueva: Non entendo o procedemento.

Non producíndose máis intervencións respecto diso, polo Alcalde sométese a votación ordinaria, nominal e a man alzada, a comunicación de alcaldía relativa á toma de razón da aceptación anticipada ao cargo de concelleira formulada por D. RAMON CERVIÑO VALERO, na súa condición de candidato que figura no posto número 07 da candidatura núm. 04 do Partido Popular que concorreron nas últimas eleccións municipais do 24 de maio de 2015 e proposta relativa á súa remisión á Xunta electoral central para os efectos previstos no art. 182 da lei orgánica 5/85 do réxime electoral xeral (expediente 1653/2016).

VOTACIÓN E ACORDO:

O Pleno da corporación municipal:

1º.- Toma razón dos seguintes feitos:

As renuncias anticipadas aos cargos de concelleiro/a de a corporación municipal Dª Maria Reyes Gonzalez Mendez, con DNI núm.52497406K, en canto ocupa o posto num. 04 na candidatura correspondente ao Partido Popular da circunscrición electoral de Bueu, publicada no BOP núm. 75 de 22.04.2015, D. Manuel Angel Rodríguez Filgueira, con DNI núm.52498057M, en canto ocupa o posto num. 05 na candidatura correspondente ao Partido Popular da circunscrición electoral de Bueu, publicada no BOP núm. 75 de 22.04.2015, Doa Nerea Otero Fernández, con DNI núm. 53118883S, en canto ocupa o posto num. 06 na candidatura correspondente ao Partido Popular da circunscrición electoral de Bueu, publicada no BOP núm. 75 de 22.04.2015,

A aceptación anticipada de D. RAMON CERVIÑO VALERO , con DNI núm.53114764J, que figura no posto 07 da candidatura núm.4 correspondente ao Partido Popular da circunscrición electoral de Bueu, publicada no BOP núm. 75 de 22.04.15.

2º.- E en votación ordinaria, nominal e a man alzada por unanimidade de votos favorables dos seus membros asistentes con dereito a voto (12 votos a favor; dos que 09 corresponden aos concelleiros asistentes do GPM de BNG; 01 corresponde ao concelleiro do GPM SON; 01 corresponde ao concelleiro do GPM PSdeG-PSOE e 01 da concelleira do GPM PP), acorda:

Indicar o nome de D. RAMON CERVIÑO VALERO , con DNI núm.53114764-J, como a persoa á que a xuízo desta corporación correspóndelle cubrir a vacante pola renuncia de concelleira do grupo político municipal do PP, Berta Pérez Hernández, ordenando a remisión do presente acordo á Xunta electoral central a efectos de proceder á súa substitución, de acordo co disposto no art. 182 da Lei Orgánica 5/85 de Réxime electoral xeneral.



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/5-(SESIÓN ORDINARIA MES MAIO 2017)

7

3. PROPOSTA DE ALCALDIA RELATIVA Á APROBACIÓN DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 03/17 (EXPEDIENTE 1238/2017)

Favorable (maioría absoluta dos presentes)	Tipo de votación: Ordinaria, Nominal e a man alzada A favor: 09, En contra: 0, Abstencións: 3, Ausentes: 04	
	A favor	Félix Juncal Novas Ana Isabel Otero Pastoriza Inmaculada Rodríguez Dias José Inocente García Cuervo Martín Villanueva Pastoriza M ^a Teresa López González Silvia Carballo González Xosé Leal Fariña Julio Villanueva González
	En contra	---
	Abstencións	José Manuel Vilas Pastoriza Mercedes del Pilar Otero González Manuel Santos Pires
	Ausentes	Fidel Castro Quiroga Manuel Otero Pérez M ^a José Pérez Piñeiro Juan Carlos Eirea Eireas

Pola Presidencia dáse conta da proposita de alcaldía relativa á aprobación do recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 03/17 (expediente 1238/2017) ditaminado favorablemente pola Comisión informativa permanente de Facenda, Réxime Interior e Especial de Contas, en sesión ordinaria celebrada en data 21 de abril de 2017 e que literalmente di:

“Que a Comisión informativa de Facenda, Réxime Interior e Especial de Contas, en sesión ordinaria celebrada con data 21 de abril de 2017, cos votos a favor dos Sres/as Concelleiros/as presentes de BNG-ASEMBLEAS ABERTAS, D. José Inocente García Cuervo, D^a Ana Otero Pastoriza e D^a Teresa López González (Tres Votos); as abstencións formuladas polos Sres/as Concelleiros/as de PP, D. Manuel Santos Pires e D^a Mercedes el Pilar Otero Gonzalez (Dous Votos), e a abstención formulada polo Concelleiro de PsdeG-PSOE, D. José M. Vilas Pastoriza (Un Voto), DITAMINA FAVORABLEMENTE a proposta da Alcaldía de 17.04.2017 redactada nos seguintes termos:

“Proposta da alcaldía de aprobación do Expediente de Recoñecemento Extraxudicial de créditos 3/2017

Obxecto.

Finalizado o exercicio 2016 existen xustificantes de gasto que corresponden a traballos ou

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029. Fax: 986322099



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/5-(SESIÓN ORDINARIA MES MAIO 2017)

8

servizos prestados na súa maioría no último período do exercicio 2016 mediante facturas que tiveron entrada no rexistro de facturas no 2017, O artigo 26 do Real Decreto 500/1990, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos inclúe como excepción ao principio de temporalidade dos créditos, ademais dos establecidos polo texto legal, o recurso ao recoñecemento extraxudicial de créditos, mecanismo mediante o que, con cargo aos créditos do estado de gastos do orzamento en vigor, poden imputarse ao mesmo obrigas contraídas en exercicios anteriores, que no seu día non foron imputadas ao orzamento correspondente.

Asimesmo o artigo 60 establece que corresponderá ao Pleno da Entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos.

O obxecto desta proposta e o recoñecemento extraxudicial de créditos para o recoñecemento de gastos de exercicios anteriores que se relacionan nos antecedentes.

Antecedentes.

1. Facturas por gastos devengados no exercicio 2016 que non foron imputadas ó orzamento por non estar presentadas no Concello, formado por 9 páxinas, que comeza por "Sociedad Estatal de Correos y Telégrafos" NIF A83052407 por importe 79,56€ e remata por "Coral Polifónica de Beluso" NIF G36204840 por importe de 800,00€.

Ascendendo o presente recoñecemento extraxudicial de créditos num 3/2017, a un total de 56.535,15€

2. Providencia de Incoación expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Crédito 3/2017 de data 17.04.2017

3. Informe da Intervención Municipal REC 03-2017 de 17.04.2017

Vistos os antecedentes expostos anteriormente, esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Convalidar os gastos os que se refire o presente recoñecemento extraxudicial

Segundo.- Aprobar, comprometer os gastos e recoñecer as obrigas incluídas no expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 3/2017 por importe total de 56.535,15€"

(Incorporase á sesión o sr. Santos Pires sendo as 20 horas e 06 minutos do indicado día)

Rematada a lectura do ditame da comisión informativa de referencia polo sr. Alcalde e da proposta polo sr. García Cuervo, a presidencia declara aberto o debate

DEBATE

O sr. Villanueva González critica que o goberno municipal traiga por terceira vez un expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito.

O sr. Garcia Cuervo o xustifica no feito de que as empresas presentan as facturas cando queren .

O sr. Alcalde recoñece que coa presentación de facturas a través do FACE en moitas ocasións se duplico a presentación das mesmas dificultando a súa tramitación



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/5-(SESIÓN ORDINARIA MES MAIO 2017)

9

Non producíndose máis intervencións ó respecto, pola Alcaldía sométese a votación ordinaria, nominal e a aman alzada, a aprobación da proposta de alcaldía relativa á aprobación do Recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 03/17 (expediente 1238/2017).

VOTACIÓN e ACORDO:

Logo do anterior, o Pleno da corporación municipal, por maioría absoluta de votos a favor (09 votos a favor, dos que 08 corresponden aos concelleiros asistentes do GPM do BNG e 01 do concelleiro do GPM SON e 03 abstencións das que 02 corresponden aos concelleiros do GPM PP e 01 ao concelleiro do GPM PSdeG-PSOE), acorda:

Primeiro.- Convalidar os gastos os que se refire o presente recoñecemento extraxudicial

Segundo.- Aprobar, comprometer os gastos e recoñecer as obrigas incluídas no expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 3/2017 por importe total de 56.535,15€

4. MOCIÓN DO GPM ACB-SON POLA BIODIVERSIDADE FRONTE A EUCALIPTIZACIÓN (EXPEDIENTE 805/2017).

Favorable (maioría absoluta dos presentes)	Tipo de votación: Ordinaria, Nominal e a man alzada	
	A favor: 10, En contra: 0, Abstencións: 02, Ausentes: 04	
	A favor	Félix Juncal Novas Ana Isabel Otero Pastoriza Inmaculada Rodríguez Díaz José Inocente García Cuervo Martín Villanueva Pastoriza M ^a Teresa López González Silvia Carballo González Xosé Leal Fariña José Manuel Vilas Pastoriza Julio Villanueva González
	En contra	---
	Abstencións	Mercedes del Pilar Otero González Manuel Santos Pires
Ausentes	Fidel Castro Quiroga Manuel Otero Pérez M ^a José Pérez Piñeiro Juan Carlos Eirea Eireas	

Pola Presidencia dáse conta da moción presentada polo GPM do ACB-SON pola biodiversidade

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029. Fax: 986322099



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/5-(SESIÓN ORDINARIA MES MAIO 2017)

10

fronte a eucaliptización (expediente 805/2017) ditaminado favorablemente pola Comisión informativa permanente de Facenda, Réxime Interior e Especial de Contas, en sesión ordinaria celebrada en data 21 de abril de 2017 e que literalmente di

"(...) polo Presidente dáse a palabra ao concelleiro do GPM de SON, Julio Villanueva González, quen dá lectura á Moción pola Biodiversidade fronte á eucaliptización presentada no Rexistro Xeral do concello (RE num. de 2197 de 30.03.2017) e cuxa parte dispositiva literalmente di:

"Propónse ao Pleno do Concello de Bueu a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a declaración do concello de Bueu: "Menos eucalipto e máis biodiversidade" nos seguintes termos: co fin de frar o esgotamento e desertización do solo e a ameaza ecolóxica que a especie exótica do eucalipto supón para os nosos ecosistemas, o Concello de Bueu declárase a prol da biodiversidade do mantemento, conservación e recuperación sostible da flora e a fauna autóctona da nosa terra.

Segundo.- Solicitar do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño a inscrición do eucalipto no catálogo de Especies Exóticas e Invasoras e tendo en conta o impacto que podería ter tal resolución sobre algúns propietarios de montes, mentres non se elabore unha normativa para regular a superficie ocupada polo eucalipto adoptaranse as seguintes medidas de carácter urxente, mediante normativa vinculante para as comunidades autónomas:

- Paralización de novas plantacións de eucalipto.

- Eliminación desta especie dos espazos sensibles (os incluídos na Lei de Espazos Naturais e Rede Natura)

- Eliminación do eucalipto nun prazo de cinco anos das terras agrarias ocupadas dende o I Inventario Forestal Español, como primeiro paso na recuperación destes terreos.

- Eliminación desta especie dun radius de 100 m dos mananciais e marxes de regatos e ríos nun prazo de cinco anos.

- Ruptura da continuidade das masas forestais de eucalipto en montes veciñais en man común cada cinco hectáreas, con distancias mínimas de separación entre masas de 100 metros sen esa especie, e en terreos privados particulares cunha separación de 25 metros cada 0,5 hectáreas ocupadas por eucaliptos.

- Separación de 200 metros de calquera ben inmovible, dos pastos e das zonas agrarias.

- Instar ás administracións a que se doten de orzamento destinado a conceder axudas para o cumprimento destas medidas.

Cuarto.- Trasladar este acordo á Consellería de Medio Ambiente, á Consellería de Medio Rural, ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño e ao Parlamento Europeo co obxecto de que esta especie se inclúa tamén dentro do Catálogo Europeo de Especies Exóticas e Invasoras. "

Vista a atribución que confire a este órgano colexiado o artigo 123 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo Presidente declárase aberto o debate.

O Sr. Félix Juncal manifesta que sen prexuízo dalgunha matización comparten plenamente o fondo da moción e non producíndose ningunha outra intervención, pola presidencia se somete a votación a proposta de debate, co seguinte resultado:

• Votos a Favor: 06, dos que 05 corresponden aos concelleiros do GPM do BNG e 01 corresponde ao concelleiro do GPM de ACB SON

• Votos en contra: Ningún.

• Abstencións: 01 correspondente ao concelleiro presente do GPM do PP.

A vista do resultado, a Comisión Informativa Permanente de Medio Ambiente Urbano e Servizos , por maioría de votos favorables dos seus membros asistentes con dereito a voto DITAMINAR



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/5-(SESIÓN ORDINARIA MES MAIO 2017)

11

FAVORABLEMENTE á moción presentada polo GPM do ACB-SON en data 30.03.2017 (Rexistro de entrada núm. 2197) relativa á "biodiversidade fronte á eucaliptización".

Rematada a lectura do ditame da comisión informativa de referencia polo sr. Alcalde e da moción polo sr. Villanueva, a presidencia declara aberto o debate

DEBATE

O sr. Alcalde manifesta o apoio á moción

O sr. Vilas Pastoriza reclama un maior apoio das administracións, principalmente económico, aos propietarios dos montes para permitir, entre outros a implantación de especies autóctonas xa que os eucaliptos constitúen unha importante vía de rendemento económico dos montes que hai que ter en conta a través da venda da madeira e da rápida reforestación que permite esta especie árborea. Remata manifestando o seu apoio coas observacións manifestadas.

O sr. Santos Pires manifesta que dende a Xunta lles comunican a existencia dun decreto autonómico en tramitación para incentivar a implantación de especies autóctonas e sinala que non existe base científica legal que permita recoñecer que o eucalipto é malo ou nocivo para o monte.

Non producíndose máis intervencións ó respecto, pola Alcaldía sométese a votación ordinaria, nominal e a aman alzada, a aprobación da moción presentada polo GPM do ACB-SON pola biodiversidade fronte a eucaliptización (expediente 805/2017).

VOTACIÓN e ACORDO:

Logo do anterior, o Pleno da corporación municipal, por maioría absoluta de votos a favor (10 votos a favor, dos que 08 corresponden aos concelleiros asistentes do GPM do BNG, 01 do concelleiro do GPM SON e 01 ao concelleiro do GPM PSdeG-PSOE e 02 abstencións dos concelleiros do GPM PP), acorda :

Primeiro.- Aprobar a declaración do concello de Bueu: "Menos eucalipto e máis biodiversidade" nos seguintes termos: co fin de frar o esgotamento e desertización do solo e a ameaza ecolóxica que a especie exótica do eucalipto supón para os nosos ecosistemas, o Concello de Bueu declárase a prol da biodiversidade do mantemento, conservación e recuperación sostible da flora e a fauna autóctona da nosa terra.

Segundo.- Solicitar do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño a inscrición do eucalipto no catálogo de Especies Exóticas e Invasoras do Estado español.

Terceiro: Coa inclusión no Catalogo de especies exóticas e invasoras, e tendo en conta o impacto que podería ter tal resolución sobre algúns propietarios de montes, mentres non se elabore unha normativa para regular a superficie ocupada polo eucalipto adoptaranse as seguintes medidas de carácter urgente, mediante normativa vinculante para as comunidades autónomas:

- Paralización de novas plantacións de eucalipto.
- Eliminación desta especie dos espazos sensibles (os incluídos na Lei de Espazos Naturais e Rede Natura)
- Eliminación do eucalipto nun prazo de cinco anos das terras agrarias ocupadas dende o I Inventario Forestal Español, como primeiro paso na recuperación destes terreos.



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/5-(SESIÓN ORDINARIA MES MAIO 2017)

12

- Eliminación desta especie dun radius de 100 m dos mananciais e marxes de regatos e ríos nun prazo de cinco anos.
- Ruptura da continuidade das masas forestais de eucalipto en montes veciñais en man común cada cinco hectáreas, con distancias mínimas de separación entre masas de 100 metros sen esa especie, e en terreos privados particulares cunha separación de 25 metros cada 0,5 hectáreas ocupadas por eucaliptos.
- Separación de 200 metros de calquera ben inmobile, dos pastos e das zonas agrarias.
- Instar ás administracións a que se doten de orzamento destinado a conceder axudas para o cumprimento destas medidas.

Cuarto.- Trasladar este acordo á Consellería de Medio Ambiente, á Consellería de Medio Rural, ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño e ao Parlamento Europeo co obxecto de que esta especie se inclúa tamén dentro do Catálogo Europeo de Especies Exóticas e Invasoras.

5.- MOCIÓN DO GPM ACB-SON POLA APERTURA DE DIÁLOGO ENTRE O PARQUE DE MÁQUINAS E A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.(EXPEDIENTE 805/2017)

Rexeitada (maioría dos presentes)	Tipo de votación: Ordinaria, Nominal e a man alzada A favor: 01, En contra: 09, Abstencións: 02, Ausentes: 04	
	A favor	Julio Villanueva González
	En contra	Félix Juncal Novas Ana Isabel Otero Pastoriza Inmaculada Rodríguez Dias José Inocente García Cuervo Martín Villanueva Pastoriza M ^a Teresa López González Silvia Carballo González Xosé Leal Fariña José Manuel Vilas Pastoriza
	Abstencións	Mercedes del Pilar Otero González Manuel Santos Pires
	Ausentes	Fidel Castro Quiroga Manuel Otero Pérez M ^a José Pérez Piñeiro Juan Carlos Eirea Eireas

Pola Presidencia dáse conta da moción presentada polo GPM do ACB-SON pola biodiversidade fronte a eucaliptización (expediente 805/2017) ditaminado favorablemente pola Comisión informativa permanente de Facenda, Réxime Interior e Especial de Contas, en sesión ordinaria celebrada en data 21 de abril de 2017 e que literalmente di



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/5-(SESIÓN ORDINARIA MES MAIO 2017)

13

"(...) Polo Presidente dáse a palabra ao concelleiro do grupo político municipal de ACB- SON, Julio Villanueva Pastoriza quen da lectura á Moción presentada no Rexistro xeral do concello en data 07.04.2017 (RE num. 2461) e que literalmente di:

"MOCION POLA APERTURA DE DIÁLOGO ENTRE O PARQUE DE MÁQUINAS E A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O conflito existente entre o goberno da Deputación de Pontevedra e os traballadores do parque de maquinaria é público e notorio dende hai meses. Os aspectos da negociación ata o día de hoxe non son en ningún caso motivo de debate pola nosa parte, reprobamos con toda claridade algunhas das accións efectuadas contra persoas concretas do goberno da Deputación, así como tamén rexeitamos calquera diferenza ou posíbel privilexio que poida existir entre funcionarios/as da mesma categoría.

Independentemente deste posicionamento, a cuestión a debate é o estado dalgunhas vías provinciais do noso Concello e se é posíbel que dende esta institución podemos poñer ferramentas ou posicionamentos que de maneira constructiva poidan contribuír a solucionar ou polo menos mellorar o mantemento destas vías e polo tanto contribuír á mellora material das condicións de vida das nosas veciñas e veciños.

Non é cuestión menor o estado destas vías e menos no noso país onde como todas sabemos a rede de infraestructuras é francamente mellorable.

Todas as institucións, ben sexan locais ou provinciais teñen o deber de traballar incansablemente para acadar estes fins, dialogar e negociar coas traballadoras e traballadores públicos é o deber dun goberno que desexe que os servizos públicos funcionen con eficacia.

Neste sentido, non podemos compartir as declaracións efectuadas pola presidenta de Deputación no pleno de Pontevedra onde textualmente dixo que: "en ningún caso se abriría un proceso de negociación cos traballadores do parque de máquinas debido ás accións realizadas pola sección sindical e que os autores destas accións estaban perfectamente identificados",

No caso de que estas accións, que rexeitamos dende a nosa formación, sexan consideradas ilegais por parte do goberno, e os autores estean identificados, existen mecanismos legais para actuar, e senón é así estas declaracións non pasan de ser unha estratexia mediatizada que en nada contribúen a solucionar a cuestión que nos ocupa.

Tamén asistimos con preocupación dende este grupo ao anuncio feito dende a Deputación de que as rozas realizadas na EP-2703 entre Pazos e Ponteareas foi contratado de xeito externo á empresa Covsa e non foron realizadas con medios propios.

Dende as nosas posicións preocúpanos a posibilidade de que a falta de diálogo, contribúa a que acabe sendo necesaria a contratación de empresas privadas para funcións que poderían ser realizadas con medios públicos de unha maneira máis económica e eficiente e que a falta de diálogo sexa ou poida ser parte do problema.

Dende a perspectiva de contribuír á resolución deste conflito e mellorar o servizo para todas as nosas veciñas e veciños propoñemos ao pleno municipal o seguinte acordo:

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029. Fax: 986322099



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/5-(SESIÓN ORDINARIA MES MAIO 2017)

14

- Instar ao goberno provincial a constituír unha mesa de traballo cos sindicatos e representantes de todos os grupos políticos con representación no pleno provincial co obxectivo de abrir un diálogo e propoñer melloras no servizo de estradas provinciais que poidan repercutir directamente no mantemento destas vías e polo tanto na calidade de vida das nosas veciñas e veciños. Propoñer un prazo máximo de dous meses para constituír dita mesa de traballo."

Vista a atribución que confire a este órgano colexiado o artigo 123 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo Presidente declárase aberto o debate.

O Sr. Félix Juncal manifesta que o sentido do seu voto vai ser a abstención e non producíndose ningunha outra intervención, pola presidencia se somete a votación a proposta de debate, co seguinte resultado:

- Votos a Favor: 01 correspondentes co concelleiro do GPM de ACB SON
- Votos en contra:Ningún.
- Abstencións: 06 correspondentes, dos que 05 correspondan cos membros presentes do GPM do BNG e 01 ao concelleiro presente do GPM do PP.

A vista do resultado, a Comisión Informativa Permanente de Portavocía de Goberno, Educación, cultura e políticas sociais, por maioría de votos favorables dos seus membros asistentes con dereito a voto DITAMINAR FAVORABLEMENTE á moción presentada polo GPM do ACB-SON en data 07.04.2017 (Rexistro de entrada núm. 2461) relativa á "apertura de diálogo entre o parque de máquinas e a Deputación".

Rematada a lectura do ditame da comisión informativa de referencia polo sr. Alcalde e da moción polo sr. Villanueva, a presidencia declara aberto o debate

DEBATE

O sr. Santos Pires propón unha engade no senso de establecer un plan de actuación que de resposta ás necesidades do concello.

O sr. Leal Fariña inicia a súa intervención manifestando que na Deputación non hai conflito laboral senón unha nova situación creada pola regularización da situación laboral "ilegal" de certos traballadores que gozaban dunha situación privilexiada polo recoñecemento de prevendas que ten a súa orixe nunha situación caciquil, nun servizo provincial que dependía directamente de Presidencia, creada polo anterior goberno provincial e que rematou co novo goberno.

Lle causa extrañeza que se presente unha moción por unha situación laboral que corresponde á administración provincial e non á municipal do concello de Bueu.

O cambio na xestión de persoal permite coñecer en todo momento o réxime retributivo, e polo tanto, as indemnización e dietas que se perciben e a súa xustificación documental, reestruturando ao tempo a organigrama facendo depender ao persoal do servizo correspondente pola súa área funcional de acordo cun criterio obxectivo e asesorados polos técnicos da Deputación.

Houbo ameazas dos sindicatos por esta regularización a varios deputados provinciais e dende o goberno provincial se garantizou o dialogo nesta nova situación laboral o que demostra a inexistencia de conflito laboral nos termos que resultan da moción.



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/5-(SESIÓN ORDINARIA MES MAIO 2017)

15

(A sra. Silva se ausenta sendo as 20,38 horas)

Dirixese ao sr. Pires para manifestar respecto do plan instado que agora a Deputación fai as cousas ben e nin os concellos gobernados polo PP poden queixarse.

O sr. Santos Pires resposta ao sr. Leal que as súas acusacións son moi graves e se considera que a actuación do anterior goberno da Deputación era "ilegal" debería habelas denunciado xudicialmente e non manifestalas en sede plenario doutra entidade local allea á provincial.

Respecto á existencia de conflito laboral sinala que a maquinaria estivo parada e houbo manifestacións dos traballadores

(A sra. Silva se ausenta sendo as 20,41 horas)

En canto ao manifestado polo sr. Fariña sobre o plan de actuación, se existe, lle pregunta cando se fan as cortas.

O sr. Alcalde, resposta ao sr. Santos Pires, ao respecto da súa pregunta que as cortas xa están feitas e todos os viais provinciais xa están desbrozados. Engade que o sr. Leal fala con coñecemento de causa por ostentar a condición de deputado provincial ademais de haberse publicado en diversos medios de comunicación.

O sr. Vilas Pastoriza intervén para xustificar o seu voto en contra por mor das explicacións dadas polo sr. Leal que evidencias a inexistencia de conflito. Respecto ao estado dos viais sinala que presente de forma reiterada moción no senso de instar ao arranxo e labores de mantemento dos mesmos xa que o ue lle preocupa son as cuestións que afectan ao concello no á administración provincial.

O sr. Villanueva Gonzalez remata o debate manifestado que o dialogo e a única vía de resolver os problemas laborais e o certo e que o goberno provincial ue conta cun bipartito de esquerdas está a realizar servizos mediante a contratación de epresa privadas dispoñendo de brigadas con empregados públicos e reitera as razóns xustificativas contidas no texto da moción.

Non producíndose máis intervencións ó respecto, pola Alcaldía sométese a votación ordinaria, nominal e a aman alzada, a aprobación da moción presentada polo GPM do ACB-SON pola apertura de diálogo entre o Parque de Máquinas e a Deputación de Pontevedra.(expediente 805/2017)

VOTACIÓN e ACORDO:

Logo do anterior, o Pleno da corporación municipal, por maioría de votos en contra (09 votos en contra, dos que 08 corresponden aos concelleiros asistentes do GPM do BNG e 01 do concelleiro do GPM PSdeG-PSOE, 02 abstencións dos concelleiros do GPM PP e 01 voto a favor do concelleiro do GPM do SON), rexeita a moción presentada polo GPM do ACB-SON pola apertura de diálogo entre o Parque de Máquinas e a Deputación de Pontevedra.(expediente 805/2017).

(O sr. Villanueva González se ausenta sendo as 20,52 horas)

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029. Fax: 986322099



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/5-(SESIÓN ORDINARIA MES MAIO 2017)

16

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

1. DACIÓN DE CONTA DO INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO PREVISTOS NA LEI 15/2010 DE MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS DO CONCELLO DE BUEU CORRESPONDENTES AO 1º TRIMESTRE DO 2017. (EXPEDIENTE 1200/2017)

Declaración de toma de razón

Polo Sr. alcalde dáse conta do informe de morosidade do concello relativo ao 1º trimestre do ano 2017 suscrito polo Interventor e Tesoureiro do concello, emitido en cumprimento da lei 15/2010 de medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais que conteñen a relación de pagos realizados, os intereses de demora pagados, as facturas pendentes de pago e as pendentes de recoñecemento de obriga no 1º trimestre do ano 2017.

Non facendo uso da palabra ningún dos concelleiros asistentes á sesión, polo Sr. Alcalde declárase o coñecemento polo Pleno da corporación municipal do informe de morosidade do concello relativo ao 1º trimestre do ano 2017 suscrito polo Interventor e Tesoureiro do concello.

2.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO PREVISTOS NA LEI 15/2010 DE MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS DO I.M.D. CORRESPONDENTES AO 1º TRIMESTRE DO 2017. (EXPEDIENTE 1201/2017)

Declaración de toma de razón

Polo Sr. alcalde dáse conta do informe de morosidade do IMD relativo ao 1º trimestre do ano 2017 suscrito polo Interventor e Tesoureiro do concello, emitido en cumprimento da lei 15/2010 de medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais que conteñen a relación de pagos realizados, os intereses de demora pagados, as facturas pendentes de pago e as pendentes de recoñecemento de obriga no 1º trimestre do ano 2017.

Non facendo uso da palabra ningún dos concelleiros asistentes á sesión, polo Sr. Alcalde declárase o coñecemento polo Pleno da corporación municipal do informe de morosidade do IMD relativo ao 1º trimestre do ano 2017 suscrito polo Interventor e Tesoureiro do concello.

3. DACIÓN DE CONTA DA MEMORIA SEGUIMIENTO PLAN DE AXUSTE. 1º TRIMESTRE DO EXERCICIO 2017. (EXPEDIENTE 1310/2017).

Declaración de toma de razón

Polo Sr. alcalde dáse conta da memoria seguimento plan de axuste. 1º trimestre do exercicio 2017.

Non facendo uso da palabra ningún dos concelleiros asistentes á sesión, polo Sr. Alcalde



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/5-(SESIÓN ORDINARIA MES MAIO 2017)
17

declárase o coñecemento polo Pleno da corporación municipal da memoria seguemento plan de axuste. 1º trimestre do exercicio 2017.

4.DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO CONCELLO E IMD CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE 2017. (EXPEDIENTE 1335/2017)

Declaración de toma de razón

Polo Sr. alcalde dáse conta do informe de execución do orzamento do concello e IMD correspondente ao 1º trimestre 2017

Non facendo uso da palabra ningún dos concelleiros asistentes á sesión, polo Sr. Alcalde declárase o coñecemento polo Pleno da corporación municipal do informe de execución do orzamento do concello e IMD correspondente ao 1º trimestre 2017

5.- DACIÓN DE CONTA DA REMISIÓN AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCIZO 2016 DO CONCELLO E DO IMD (EXPEDIENTE 1051/2017)

Declaración de toma de razón

Polo Sr. alcalde dáse conta da remisión ao ministerio de facenda e administracións públicas da liquidación do orzamento xeral para o exercizo 2016 do concello e do IMD

Rematada a lectura da comunicación sinalada e non habendo intervencións, polo Sr. Alcalde declarase o coñecemento polo Pleno da remisión ao ministerio de facenda e administracións públicas da liquidación do orzamento xeral para o exercizo 2016 do concello e do IMD.

6.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA DITADAS DENDE A DERRADEIRA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO.

Declaración de toma de razón

Polo Sr. alcalde dáse conta das resolucións de alcaldía ditadas dende a derradeira sesión ordinaria do Pleno (dende a núm. 334/2017 de 30.03.2017 ata a núm. 413 de 26.04.2017).

Non facendo uso da palabra ningún dos concelleiros asistentes á sesión, polo Sr. Alcalde declarase o coñecemento polo Pleno da corporación municipal das resolucións de alcaldía ditadas dende a derradeira sesión ordinaria do Pleno (dende a núm. 334/2017 de 30.03.2017 ata a núm. 413 de 26.04.2017)

7. DACIÓN DE CONTA DOS REPAROS DE LEGALIDADE FORMULADOS DENDE A DERRADEIRA SESIÓN ORDINARIA

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029. Fax: 986322099



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/5-(SESIÓN ORDINARIA MES MAIO 2017)

18

Declaración de toma de razón

Polo Sr. alcalde dáse conta dos reparos de legalidade formulados dende a derradeira sesión ordinaria.

Non facendo uso da palabra ningún dos concelleiros asistentes á sesión, polo Sr. Alcalde declárase o coñecemento polo Pleno da corporación municipal dos reparos de legalidade formulados dende a derradeira sesión ordinaria .

(O sr. Villanueva González se incorpora á sesión sendo as 20,54 horas)

C) ROGOS E PREGUNTAS

A presidencia concede a palabra ao **sr. Villanueva González** que porcede a lectura do seguinte rogo:

C.1. ROGO do GPM ACB-SON/RE 2462/2017 de data 07.04.2017

Contido do Rogo

Rogamos que este pleno supervise se a Deputación de Pontevedra está a aplicar o *Decálogo de Actuacións nas vías provinciais* nas estradas do noso concello; especialmente nas zonas de Cela e Bon, onde as marxes están sen rozar e falta mantemento a pesar de cumprir os contados requisitos de dito decálogo.

O sr. Alcalde resposta que unha parte das actuacións provincial xa estan executadas a partir da presentación do rogo

A continuación a presidencia da a palabra ao **sr. Vilas Pastoriza** que ten formulada os seguintes rogos e preguntas por escrito presentadas polo rexistro electrónico do concello:

C.2. 1ª PREGUNTA/ROGO

Nº de rexistro: 2017-E-RPLN-4

Data de rexistro: 1 de maio de 2017, á 23:31 horas

Forma de presentación: Telemática

Resumen: Pregunta: Posto Guardia Civil

Contido da pregunta:

a)¿Que espazo ou Local ten previsto ceder o Concello a Guardia Civil en caso de destinarse esta a Bueu?

b)¿Pensa o Goberno reforzar de forma permanente o servizo da Policía Local?

Respecto á primeira o sr. alcalde resposta que ao concello non le corresponde asignar espazo algún.

Respecto á segunda resposta que hai previsión de reforzamento da plantilla coa contratación de

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029. Fax: 986322099



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/5-(SESIÓN ORDINARIA MES MAIO 2017)

19

auxiliares da Policía local.

Respecto as explicacións instadas polo sr. Vilas sobre a reunión mantida está mañana coa subdelegada do goberno, na Xunta de local de Seguridade, clarexa que na reunión se manifestou a presenza permanente da Garda civil aínda que non sexa física e que en todo caso garante a seguridade no termo municipal. Engade que os reproches feitos dende o goberno municipal son á Subdelegación do goberno, non á Garda Civil xa que son aqueles os que deben dotar de medios materiais e persoais para garantir a seguridade en todo o territorio.

C.2. 2ª PREGUNTA/ROGO

Nº de rexistro: 2017-E-RPLN-3

Data de rexistro: 1 de maio de 2017, á 23:27 horas

Forma de presentación: Telemática

Resumen: *Pregunta: Viales Meiro e A Portela*

Contido da pregunta:

No Pleno levado a cabo con data 6/6/2016, no **punto nº 8** " Moción do Grupo Municipal do PSdeG-Psoe, relativa a "Urbanización dos viais en Meiro e A Portela" nº de rexistro 3049 de 6.05.2016".

Dita Moción solicita o pleno a adopción dos seguintes acordos:

Con respecto o vial de Meiro:

- que por parte do concello se proceda , de inmediato , a redacción do correspondente proxecto de urbanización do vial A Portela - Meiro.
- Que unha vez rematado o proxecto , e coa conformidade dos veciños do lugar, se lle traslade este a Deputación Provincial, e se inste a esta a que antes de finalizar o ano realice a obra.

Con respecto o vial de A Portela:

- Se inste a Deputación Provincial a que , de forma urxente , dote este vial das medidas necesarias (colocación de sinais de limitación de velocidade, colocación de lombos, etc..) que fagan que o tránsito por este vial se faga a menor velocidade posible , co fin de salvagardar a integridade dos rapaces que agardan bus escolar no arcen.
- Que por parte do concello se proceda de inmediato , a redacción do correspondente proxecto de urbanización do vial de A Portela-Cemiterio

de Bueu.

Que unha vez rematado o proxecto , e coa conformidade dos veciños do lugar, se lle traslade este a Deputación Provincial, e se inste a esta a que antes de finalizar o ano realice a obra.

Pasados once meses desde o tratamento da moción en pleno e sendo aprobada por unanimidade.

FAGO A SEGUINTE PREGUNTA O PLENO.

a)¿Que pasos se teñen dado desde o Concello para proceder o cumprimento da moción.?

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029. Fax: 986322099



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/5-(SESIÓN ORDINARIA MES MAIO 2017)

20

b) Solicito copia de cada un dos trámites realizados para o cumprimento da moción en caso de foran levados a cabo.

O sr. Leal fariña resposta que hai planificación da Deputación, hai un director de mobilidade e un xefe de servizos cuantificándose as necesidades en todo o termo da provincia para garantir unha actuación integral e concretamente en Bueu se están a elaborar diferentes proxectos de actuación habéndose procedido a realizar as visitas correspondentes polos enxeñeiros.

O sr. Vilas considera que hai dous anos que está a gobernar na Deputación e o único que fixeron foi reducir a velocidade nas vías e colocar lombos e lle parece moi escaso. Considera moi urxente a actuación en Beluso e nos indicados na pregunta formulada por escrito ademais de considerar convinte continuar co arranxo de beirarrúas en Cela

O sr. alcalde toma nota e resposta que os acordos relativos ás mocións deben estar enviados e o comprobar. Engade que as actuacións de mantemento e reparación que lle corresponden ao concello son constantes co continuo seguimento do concelleiro responsable ademais de estar realizando permanentemente xestións coas outras administracións afectadas.

O alcalde solicita copia da remisión da moción aprobada en maio de 2016.

O sr. Vilas Pastoriza continúa formulando as seguintes preguntas de xeito verbal:

1º.- Existe proposta para a instalación de lombos na avda. Montero Ríos? Cumplen a normativa?

O sr. alcalde resposta que dende o concello se remitiu unha proposta a Costas pero non a tiveron en conta na instalación definitiva. Respecto ao cumprimento da normativa é unha competencia de Portos.

C.3. O **sr. Santos Pires** formula as seguintes preguntas verbais :

- ¿Consta informe da secretaria, arquitecto ou aparellador do concello sobre a legalidade na instalación dos lombos?
O alcalde reitera as explicacións dadas ao respecto.
- ¿Cándo se vai a rematar a obra do muro de contención na capela dos Santos Reis? É perigoso
O sr. Alcalde resposta que goberno xa ten preguntado polo estado de execución e ten previsto remitir un oficio neste senso á Deputación.
- Insta ao goberno a que inste da Deputación, Estado ou Xunta de Galicia a instalación de gardarraís para garantir a seguridade vial especialmente dos moteros.
- ¿Cómo se xestiona a escola de Torrecino de Cela? Cál e o seu organigrama e responsables?
O sr. Alcalde resposta que non lle constan ningunha problemática de ningún colectivo polo uso das instalacións municipais. Dispón de chaves que lle permiten acceder ás mesmas de forma directa, non obstante lle dará traslado ao animador sociocultural do concello.
- Da trasaldo das queixas pola colocación dunha pedra na rúa Caripa.
Se instalo un banco para evitar os problemas da circulación cruzada e garantir a seguridade vial. Se revisará a actuación e se estudiarán outras solucións co concelleiro de urbanismo para regularizar o uso de peóns e vehículos en condicións de seguridade como por exemplo bolardos extraíbles.



CONCELLO DE BUEU

RF: PLN/2017/5-(SESIÓN ORDINARIA MES MAIO 2017)

21

C.4. O **sr. Villanueva Gonzalez** formula as seguintes preguntas verbais:

- ¿O goberno elaborou un estudio para a instalación de papeleiras o as instalo a libre albedrío?
O alcalde lle responde que a empresa encargada as instalou onde se lle indico
- ¿En qué terreos se van a realizar as hortas ecolóxicas?, ¿hai dispoñibilidade?
O alcalde resposta afirmativamente e engade que se trata dunha experiencia piloto
O sr. Villanueva Recorda a problemática surxida ao respecto da dispoñibilidade pola actuación municipal nas márxes do río Bispo e manifesta que a moción relativa a este asunto sigue sen executarse ata a data.

C.5. O **sr. Vilas Pastoriza** formula as seguintes preguntas verbais:

- Hai un socavón diante do ximnasio na r. Pazos Fontela.
O sr. Alcalde resposta que irán estes días para verificalo e, no seu caso, arranxalo
- Hai queixas dos propietarios do edificio ubicado no núm. 35 da banda do Río pola instalación no fronte dun paso elevado.
O alcalde resposta que esta pendente de facer un corte no aglomerado e xa se insto á Deputación a semana pasada.

C.6. A **sra. Otero González** formula as seguintes preguntas e rogos verbais :

- Roga a instalación de espellos nun tramo con rampas de subida na estrada EP551 que vai de Portela a Beluso.
- Roga a instalación dun contenedor pequeno na banda do Río, preto da pizzería, para non ter que deixar as caixas vacías de pizza na rúa.
- Na unión das rúas Alexandre Bóveda e Montero Ríos hai un poste da luz que dificulta a maniobra do camiión de lixo

O sr. Alcalde resposta que a situación deriva do consentimento da colocación de postes sen as garantías legais.
- ¿Se remitiu a moción sobre os ARI á Xunta de Galicia?
- O sr. Alcalde resposta que o comprobará.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia da por rematada a sesión cando son as 21:35 horas do expresado día, de tódolo que, en canto Secretaria Xeral da Corporación, dou fe.

(documento asinado electronicamente ao marxe)